

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025025654
ASUNTO	Concesión demanial de uso sobre unha parte da superficie do terreo e da nave do Parque Comarcal de Maquinaria de Ponteareas da Deputación a favor do concello de Ponteareas
TRÁMITE	Outorgamento da concesión demanial

O deputado delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, en virtude das atribucións conferidas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN.

Dada conta da solicitude formulada polo concello de Ponteareas á Deputación dunha cesión de uso sobre un espazo do parque comarcal de maquinaria da Deputación en dito municipio para gardar vehículos e maquinaria municipais (CSV: ALSZTQ39615W2MB5).

Resultando que o parque comarcal de maquinaria da Deputación en Ponteareas localízase en Lg. Lomba-Cruceiro Ribadetea (Ponteareas), referencia catastral 36042A120003560000XH, cunha superficie de 7.965 m², e conta cunha edificación (nave principal) cunha superficie construída de 1.654 m², e figura inscrito no Inventario de Bens provincial como ben de dominio público destinado a servizo público.

Resultando que o espazo solicitado en cesión de uso polo concello de Ponteareas se corresponde cunha parte da parcela do parque comarcal de maquinaria cunha superficie de 566,50 m² según plano que obra no expediente

Resultando polo servizo de Contratación Facenda e Patrimonio emítase informe (CSV: LAEXC7T00I342BZS), conformado polo Deputado delegado, que pon de manifesto que na actualidade está vixente unha cesión de uso en precario sobre dito inmovible outorgada ó concello de Ponteareas a través dun convenio formalizado en data 14 de xullo de 1995, en concreto sobre unha superficie de 1.025 m² da nave principal, para destinala a centro de formación ocupacional, polo que propónse regularizar dita cesión de uso outorgada en precario, mediante o outorgamento dunha nova concesión demanial que integre dita superficie de 1.025 m² da nave principal dedicada a Centro de Desenvolvemento Local municipal, o terreo de 4.545 m² que conforma dito centro formativo, e a superficie



de 566,50 m² que solicita o concello para gardar vehículos e maquinaria municipais

Visto o informe do servizo de Infraestruturas e Vías provinciais de data 12/05/2025 (CSV 801P6LLFA22UETFO) favorable ó outorgamento da concesión demanial proposta, por no ser necesarias ditas superficies para o desenvolvemento das tarefas de dito servizo

Visto o informe técnico do servizo de Infraestruturas e Vías provinciais (CSV: 7TZVBPWNMVRYA23L) de valoración inmobiliaria que establece unha valoración total dos bens obxecto da concesión demanial nun importe de 1.539.288,52 €

Visto o informe de Secretaria Xeral de data 14/04/2026 (CSV: B1V6GG0S68JBA3VC) que pon de manifesto que no presente expediente non é preceptivo o informe da Secretaría, debendo incorporarse informe de fiscalización da Intervención provincial

Visto o informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio (CSV: QDPXVQFLTZKM7CBS), que conclúe propoñendo deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación adoptado en sesión de data 11/05/1995 no que se acordou outorgar ó concello de Ponteareas unha cesión de uso en precario da parte da nave do parque comarcal de maquinaria de Ponteareas, e outorgar unha nova e única concesión demanial a favor do concello de Ponteareas sobre ambas superficies da parcela catastral 36042A120003560000XH: subparcela 1: de 4.545 m² - na que se integra unha superficie de 1.025 m² da nave construída- destinada Centro de Desenvolvemento Local municipal, e subparcela 2: de 566,50 m² destinada a parque municipal de maquinaria, establecendo unha serie de condicións de dita concesión demanial.

Visto o informe favorable da Intervención de data 14/05/2026 (CSV: G05JA90CNINMQRBX) coas seguintes observacións e recomendacións:

- *“O negocio xurídico proxectado pode cualificarse como concesión demanial directa e gratuíta sobre bens de dominio público provincial, a favor do Concello de Ponteareas, con destino a Centro de Desenvolvemento Local/formación ocupacional e parque municipal de maquinaria vinculado ao servizo de desbroces.*
- *Deberá incorporarse a aceptación expresa do Concello de Ponteareas respecto da totalidade das superficies, destinos, prazo, obrigas, condicións económicas, réxime de extinción e reversión.*
- *O informe de innecesiedade incorporado ao expediente foi emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, polo que non acredita por si só a innecesiedade dos bens para outros servizos ou necesidades xerais da Deputación.*



- *O documento administrativo de formalización deberá incorporar o réxime de obrigas do Concello concesionario, especialmente en materia de conservación, mantemento, subministracións, tributos, seguros, licenzas, responsabilidade, obras, inspección, prohibición de cesión ou subcesión, contratación instrumental con terceiros, extinción, reversión e réxime sancionador.*
- *As prórrogas deberán ser expresas e condicionadas á nova valoración do cumprimento da finalidade da concesión e principalmente da inexistencia de necesidade provincial.*

Resultando que o a Deputación de Pontevedra a través de escrito de data 14/05/2026 (CSV 0WMBQ58GM01BRRCB) solicita ó concello de Ponteareas que polo órgano competente do concello se adopte acordo expreso de aceptación íntegra das condicións da concesión demanial indicadas en dito documento

Resultado que o concello de Ponteareas presentou certificado de acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión do día 26 de maio de 2026 (CSV: GVWZJC7268XT4ZXN) polo que se amosa a conformidade e aceptación por parte do concello das condicións da concesión demanial.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; e da Resolución Presidencial núm. 2025000361, de 20 de xaneiro de 2025, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos distintos centros e áreas de servizo,

RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a cesión de uso en precario outorgada ó concello de Ponteareas sobre unha superficie de 1.025 m² da nave do parque comarcal de Maquinaria da Deputación en Ponteareas, sito en Lg. Lomba-Cruceiro Ribadetea (Ponteareas), que fora autorizada por acordo da Comisión de Goberno da Deputación adoptado en sesión do día 11 de maio de 1995

Segundo.- Outorgar unha concesión demanial a favor do concello de Ponteareas sobre as superficies e construcións do parque comarcal de maquinaria da Deputación sita en Lg. Lomba-Cruceiro Ribadetea – Ponteareas (Ref. catastral 36042A120003560000XH) sobre os inmobles e nas condicións que se indican a continuación:



- 1) Bens inmobles obxecto da concesión demanial:
- Subparcela 1: superficie de 4.545 m² da parcela con ref. catastral 36042A120003560000XH na que se inclúe unha superficie de 1.025 m² da nave principal construída, sobre o total da mesma (de 1.475 m²) con destino a Centro de Desenvolvemento Local municipal, detallada no plano seguinte
 - Subparcela 2: superficie de 566,50 m² da parcela con ref. catastral 36042A120003560000XH con destino a parque municipal de maquinaria do concello, detallada no plano seguinte:



- 2) Valoración económica;
Consta no expediente informe de valoración económica dos inmobles obxecto da concesión (terreos e construción) (CSV: 7TZVBPWNMVRYA23L) por importe total de 1.539.288,52€
- 3) Réxime económico:
Gratuíta, tendo en conta a afectación dos ben inmobles exclusivamente a servizos públicos municipais de carácter non lucrativo, sen nengún aproveitamento económico do dominio público municipal.



4) Garantía:

Non se exige. Con todo, o concello de Ponteareas obrígase a subscribir as pólizas de seguro de Responsabilidade Civil e Danos materiais as que se fará mención máis adiante.

5) Prohibición de destinar os inmobles a outros usos distintos ós autorizados na concesión:

A concesión sobre os bens outorgase exclusivamente para os usos dos inmobles indicados na cláusula primeira, prohibíndose expresamente destinar os inmobles a outros usos diferentes.

6) Prohibición de subcesión ou arrendamento dos bens:

Autorízase de xeito exclusivo ó concello de Ponteareas a posesión dos bens inmobles obxecto da concesión, prohibíndose a subcesión, arrendamento ou outras figuras análogas dos inmobles a outras empresas ou entidades prestadoras de servizos municipais. No caso de que se realice unha prestación de servizos municipais nos bens concesionados por empresas ou entidades autorizadas polo concello, éstas non adquirirán ningún dereito de ocupación autónoma sobre ditos bens de titularidade provincial. A súa intervención sobre os inmobles será exclusivamente de carácter instrumental baixo a responsabilidade do concello sen que supoña cesión, subcesión, arrendamento, subconcesión ou explotación privada dos bens.

7) Mantemento, conservación e gastos de subministracións dos inmobles:

O concello de Ponteareas asume a obriga do mantemento e conservación dos terreos e da nave obxecto da concesión.

8) Gastos de subministracións:

Serán por conta do concello todos os gastos inherentes as subministracións de electricidade, auga, etc dos inmobles obxecto da concesión.

9) Impostos, taxas e demais tributos:

Serán por conta do concello todos os impostos, taxas e demais tributos que graven os inmobles obxecto da concesión, incluídos, entre outros, o imposto sobre bens inmobles (IBI), a taxa pola recollida de lixo ou calquera outro concepto tributario que resulte aplicable.



Para estes efectos, aqueles impostos, taxas e demais tributos que graven os inmobles concedidos nos que figure a Deputación como suxeito pasivo ou contribuínte, na súa condición de titular catastral da parcela 36042A120003560000XH, serán aboados inicialmente pola Deputación, que repercutirá o seu importe ao Concello de Ponteareas. O Concello deberá satisfacer á Deputación as cantidades repercutidas dentro dos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. No caso de falta de pagamento no prazo correspondente, a Deputación poderá detraer o importe das cantidades adebedadas do crédito asignado ao Concello no Plan + Provincia da Deputación, ou instrumento que o substitúa ou teña natureza análoga. De non resultar este suficiente, a Deputación poderá detraer o importe pendente dos ingresos propios do Concello derivados da recadación efectuada a través do ORAL

- 10) Responsabilidade de obtención de autorizacións, licenzas ou permisos, e asunción de sancións relacionadas co desenvolvemento das actividades obxecto da concesión:

Corresponde exclusivamente ó concesionario obter, manter e actualizar, ao seu cargo, cantas licenzas, autorizacións, permisos, comunicacións previas e demais títulos habilitantes resulten precisos para o desenvolvemento das actividades obxecto da concesión nos inmobles cedidos. Do mesmo xeito comprométese a executar pola súa conta todas as obras, instalacións, reformas, adaptacións e medidas correctoras necesarias para a adecuación legal e funcional dos espazos que sexan necesarios para realizar ditas actividades, previa autorización da Deputación cando proceda .

En todo caso, a Deputación non garante nin asume que os inmobles se atopen adaptados á normativa vixente ou sobrevida que resulte aplicable, incluída a relativa a accesibilidade, seguridade, protección contra incendios, salubridade, urbanismo, normativa sanitaria e calquera outra esixible para o desenvolvemento das actividades. Dita obriga corresponde exclusivamente ó concesionario que asume toda a responsabilidade relacionada coa mesma, así como calquera sanción ou multa que recaiga sobre os inmobles obxecto da concesión polo desenvolvemento das actividades autorizadas na mesma.



11) Realización de obras, melloras ou modificacións nos inmobles polo concesionario

11.1. O concesionario non poderá realizar obras, instalacións, reformas, melloras, modificacións ou actuacións de ningún tipo na propiedade obxecto desta concesión de dominio público sen a previa autorización expresa por escrito da Deputación.

11.2. Para estes efectos, o concesionario deberá presentar unha solicitude formal acompañada da documentación técnica necesaria, incluíndo, se é o caso, unha memoria descritiva, un proxecto técnico asinado por persoal cualificado, un orzamento, un cronograma de execución e as autorizacións sectoriais legalmente esixibles.

11.3. A autorización administrativa, si se concede, será previa e condicional, e a autoridade poderá establecer calquera requisito técnico, urbanístico, patrimonial, ambiental, de seguridade ou doutro tipo que considere oportuno. A falta de resolución expresa non implicará autorización tácita.

11.4. Todas as obras e melloras que se realicen estarán suxeitas a inspección e supervisión por parte da Deputación durante a súa execución e unha vez finalizadas.

11.5. As obras, instalacións e melloras realizadas sobre os inmobles pasarán a formar parte da propiedade e reverterán gratuitamente á Deputación ao finalizar a concesión, libres de todo gravame e carga, sen que o concesionario teña dereito a compensación ou indemnización.

11.6. A realización de obras sen a preceptiva autorización previa constituirá un incumprimento esencial da concesión e facultará á Administración concedente para ordenar a paralización inmediata das obras, esixir a restauración do inmoble ao seu estado orixinal con cargo ao concesionario e, se é o caso, rescindir a concesión, sen prexuízo doutras responsabilidades administrativas, civís ou penais que poidan corresponder.



12) Subscrición de seguros obrigatorios: o concesionario obrígase, durante todas a vixencia da concesión demanial, e no seu caso das prórrogas, a subscribir e manter en vigor a súa costa as seguintes pólizas de seguros:

12.1. Seguro de Responsabilidade Civil fronte a terceiros, que cubra os danos personais, materiais e perxuizos consecutivos que podan derivarse da ocupación, uso explotación, conservación ou actividade realizada nos inmobles obxecto da concesión, incluíndo os causados polo persoal dependente do concesionario e polo persoal das empresas ou entidades que desenvolvan actividades nos inmobles por conta deste.

12.2. Seguro de danos materiais sobre os inmobles obxecto da concesión e as súas instalacións, que cubra como mínimo os riscos de incendio, explosión, danos por auga, fenómenos atmosféricos, actos vandálicos e demais riscos habituais, ata o valor de reposición ou reconstrución dos inmobles obxecto da concesión.

As pólizas deberán manterse plenamente vixentes durante toda a duración da concesión, sendo obriga do concesionario acreditar á Deputación con carácter previo ó inicio da ocupación, e posteriormente sempre que lle sexa requerido a contratación e pagamento das primas dos seguros mediante a presentación de certificados ou recibos correspondentes.

A falta de contratación, renovación ou mantemento das pólizas de seguro terán a consideración de incumprimento esenciais das obrigas da concesión, facultando á Deputación a adoptar as medidas que procedan conforme á normativa aplicable, incluída, no seu caso a resolución da concesión.

13) Facultade de inspección: a Deputación de Pontevedra se reserva a facultade de inspeccionar o terreo e construcións obxecto de concesión, para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da concesión.



14) Prazo de duración da concesión:

A concesión demanial terá unha duración inicial de cinco (5) anos contados desde a data de formalización da acta de entrega ou posta a disposición efectiva dos bens de dominio público obxecto da concesión.

Chegado o vencemento do prazo inicial a concesión poderá ser obxecto de prórrogas sucesivas de cinco (5) anos cada unha, previa solicitude expresa do concello de Pontearreas formulada cunha antelación mínima de dous (2) meses á data de expiración do prazo concesional. As prórrogas sucesivas deberán aprobarse polo órgano competente.

A concesión e a súas prorrogas non poderán exceder, en ningún caso, do prazo máximo legalmente permitido conforme á normativa vixente aplicable en materia de Patrimonio das Administracións Públicas.

15) Extinción da concesión demanial e reversión dos bens:

15.1. A concesión extinguirase por calquera das causas previstas na lexislación patrimonial e administrativa aplicable e, en particular, polas seguintes:

A) Causas de extinción automática:

- a. Vencemento do prazo da concesión ou, se é o caso, das súas prórrogas.
- b. Incumprimento grave ou moi grave das obrigas do concesionario.
- c. Desafectación do ben concesionado.
- d. Imposibilidade sobrevida de continuar co uso ou aproveitamento autorizado por causas non imputables á Deputación.

B) Causas de extinción anticipada:

- a. Acordo mutuo entre as partes.
- b. Renuncia expresa do concesionario, aceptada pola Deputación
- c. Por necesidades provinciais sobrevidas, motivadas e acreditadas que xustifiquen a necesidade de dispoñer dos bens pola Deputación para a prestación de servizos provinciais existentes ou



implantación de novos servizos para atención doutras necesidades propias da Deputación .

d. Razóns de interese público debidamente xustificadas.

- 15.2. A extinción da concesión por calquera das causas indicadas no apartado anterior non xerará dereito a indemnización pola perda de uso gratuito, expectativas de continuidade, gastos ordinarios, reorganización, traslado, retirada, desmontaxe, almacenamento, reubicación ou reinstalación do servizo, maquinaria, mobiliario, equipos, instalacións desmontables ou elementos auxiliares. Tampouco serán indemnizables as actividades, programas, contratos ou compromisos asumidos polo concello con terceiros nin os investimentos, obras, instalacións, reformas, adaptacións ou melloras executadas sen autorización previa e expresa da Deputación, nin as actuacións de conservación, mantemento ordinario ou adecuación funcional necesarias para o uso municipal dos bens.

Neste senso, a autorización pola Deputación de obras, instalacións, reformas, adaptacións ou melloras non implica, por si soa, dereito de compensación no caso de extinción anticipada. Dita autorización ten exclusivamente o efecto de permitir a actuación sobre o ben demanial, sen aceptación da súa utilidade para a Deputación nin compromiso de compensación económica. Toda actuación autorizada enténdese executada polo concello ao seu risco e ventura, salvo que a autorización recoñeza expresamente e por escrito o seu carácter indemnizable.

- 15.3. Ao rescindir a concesión por calquera causa, o concesionario deberá desaloxar e deixar libre e libre os inmobles suxeitos á concesión nun prazo máximo de 45 días desde a data de notificación do acordo de rescisión ou desde a finalización do período concesional, sen necesidade de novo aviso
- 15.4. Ao rescindir a concesión, todas as obras, construcións, instalacións e melloras incorporadas permanentemente ao inmovible reverterán automaticamente á Deputación, libres de cargas e sen dereito a indemnización



- 15.5. O concesionario estará obrigado a devolver o inmovible nun estado de conservación e funcionamento axeitado, e responderá dos danos e deterioracións causados por causas que lle sexan imputables, sen prexuízo do desgaste derivado do uso normal e axeitado do inmovible.
- 15.6 En caso de incumprimento da obriga de desaloxar e entregar o inmovible, a Deputación poderá proceder á recuperación da posesión por vía administrativa, sendo o concesionario responsable de todos os gastos, danos e perdas ocasionados, sen prexuízo doutras responsabilidades que poidan derivarse
- 15.7 A rescisión da concesión non eximirá o concesionario do cumprimento das súas obrigas económicas pendentes adquiridas en relación coa posesión dos bens concesionados.

16) Rexime sancionador e consecuencias do incumprimento das obrigas:

- 16.1. O concesionario estará obrigado ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas neste acordo de concesión demanial e na normativa aplicable. O incumprimento destas obrigas dará lugar á imposición das medidas e sancións correspondentes, sen prexuízo da obriga de indemnizar á Deputación ou a terceiros polos danos e perdas causados.
- 16.2. Consideraranse incumprimentos, os seguintes:
- A utilización dos bens inmoables concesionados para fins distintos dos autorizados.
 - A realización de obras, instalacións ou modificacións sen a preceptiva autorización administrativa.
 - A falta dunha axeitada conservación e mantemento dos bens concesionados e das súas instalacións.
 - A cesión, subarrendamento ou transferencia da concesión sen a autorización expresa da Deputación.
 - O impago de taxas, impostos, servizos ou calquera outra cantidade que o concesionario estea obrigado a aboar pola posesión dos bens
 - A falta de contratación e pagamento das pólizas de seguro esixidas polo contrato.
 - O incumprimento das obrigas en materia de seguridade, saúde, accesibilidade ou normativa sectorial aplicable.



- 16.3. Os incumprimentos poderán clasificarse como leves, graves ou moi graves, dependendo da súa natureza, frecuencia, intención, danos causados aos bens públicos ou impacto no servizo ou uso autorizado.
- 16.4. En caso de incumprimento, a Deputación poderá, tras audiencia ó concesionario, adoptar algunha das seguintes medidas:
- Exixir ao concesionario que subsane o incumprimento nun prazo determinado.
 - Impoñer sancións económicas de ata 500 euros por cada incumprimento ou por cada día de atraso no cumprimento das obrigas esixidas.
 - Realizar as accións necesarias por conta do concesionario.
 - Declarar a caducidade ou a rescisión da concesión en caso de incumprimento grave ou moi grave.
- 16.5. Consideraranse, en todo caso, incumprimentos graves, que facultarán á Deputación para rescindir a concesión os seguintes:
- Os incumprimentos reiterados que foran previamente advertidos e non subsanados.
 - O uso dos bens para fins non autorizados na concesión.
 - Cesión ou subcesión non autorizada da concesión.
 - Abandono, deterioración grave ou falta manifesta de mantemento dos bens concesionados.
- 16.6. A imposición de penalizacións ou sancións previstas nesta cláusula será independente e compatible con calquera reclamación por danos e perdas, así como con calquera outra acción que a Deputación poida emprender en virtude da lexislación patrimonial e administrativa aplicable.

Asinado electronicamente ao marxe.

